



**LER  
PARA  
SABER**

**PREMIO EDEBÉ  
DE LITERATURA  
INFANTIL**

**rodeira**

**Estratexias de animación á lectura**  
**rodeira**





LER  
PARA  
SABER



LIBRO: A CRÓNICA DE IVO CASCUÑO								
INTELIXENCIAS MÚLTIPLES								
ESTRATEGIA								
1	X	X					X	X
2	X	X	X				X	X
3	X				X	X	X	X
4	X		X		X	X	X	X
5	X					X	X	X
6	X		X			X	X	X

LIBRO: A CRÓNICA DE IVO CASCUÑO											
COMPETENCIAS BÁSICAS											
ESTRATEGIA											
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL
1	X	X	X	X			X	X	X	X	X
2	X	X	X	X				X		X	X
3	X	X	X	X		X	X	X		X	X
4	X	X	X	X		X		X	X	X	X
5	X	X	X	X			X	X		X	X
6	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X





LER  
PARA  
SABER

## OBXECTIVOS XERAIS

- \* Promover o hábito da lectura.
- \* Fomentar a empatía.
- \* Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- \* Fomentar a capacidade crítica.
- \* Desenvolver a expresión oral e escrita.
- \* Potenciar o gusto pola estética.
- \* Aplicar técnicas dixitais.

## ORIENTACIÓNS

A maioría das actividades propostas están deseñadas para traballar en grupos pequenos ou con toda a clase. Por iso é importante que o profesor ou profesora intente promover un bo clima na aula, no que se respire confianza e respecto por todas as opinións expresadas polo alumnado.

As actividades propostas pódense traballar en diferentes graos de profundidade dependendo dos intereses do grupo, ou do profesor ou profesora, e baséanse na **aprendizaxe cooperativa** e nas **rutinas de pensamento**.

A **aprendizaxe cooperativa** é un método baseado no traballo en equipo do alumnado. Inclúe varias técnicas nas que traballamos de forma conxunta para lograr certos obxectivos comúns que son responsabilidade de todos os membros do equipo.

As **rutinas do pensamento** son estruturas que serven de punto de partida para que o alumnado, de forma individual ou colectiva, inicien, discutan e manexen o seu pensamento, e ao mesmo tempo descubran modelos de comportamento que lles permitan usar a mente para xerar pensamentos, reflexionar e razoar.



A lectura deste libro pode dar lugar ao traballo de aspectos como:

- ✓ A solidariedade
- ✓ A familia
- ✓ A igualdade e a diversidade
- ✓ A emigración
- ✓ A amizade
- ✓ A educación ambiental
- ✓ A pertenza a un grupo





## ACTIVIDADE 1:

Antes da lectura: «**QUEN É QUEN?**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- \* Fomentar a capacidade de reflexión.
- \* Fomentar a investigación.
- \* Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.
- \* Coñecer con profundidade o autor e a ilustradora.
- \* Respetar as intervencións do resto de compañeiros e compañeiras.

### ACTIVIDADE

Propoñémoslle á clase participar nun «xogo» sobre David Nel-lo e Beatriz Castro.

Dividiremos a clase en dous grupos, que terán que elaborar un número determinado de preguntas (entre 5 e 20). Un grupo fará preguntas relacionadas co autor e as súas obras e o outro grupo relacionadas coa ilustradora. Terán que buscar información e pódense recomendar páxinas do libro e/ou internet.

Cada grupo escribirá as preguntas nunha folla e cando rematen entregaranlle a folla ao outro grupo, que terá que responder todas as preguntas que poida nun tempo determinado que indicará o profesor ou profesora.

Poderán valorar a resposta en grupo, pero só se aceptará unha soa resposta por equipo.

Cada grupo escollerá un ou unha representante para dar a resposta elixida.

Gañará o grupo que obteña máis respostas correctas.

### ORIENTACIÓNS

O profesor ou profesora terá que proporcionar o tempo suficiente para que os grupos poidan preparar as preguntas.

Ao mesmo tempo, debe garantir o cumprimento das normas do xogo, que lles explicará antes aos grupos.

## ACTIVIDADE 2:

Antes da lectura: «**VEXO, PENSO, PREGÚNTOME**»

### OBXECTIVOS XERAIS


- \* Motivar a lectura do libro.
- \* Fomentar a capacidade de exploración.
- \* Desenvolver a curiosidade.
- \* Potenciar a creatividade e a imaxinación.

### ACTIVIDADE

O alumnado individualmente collerá o libro e observará de forma detida a portada e responderá estas cuestións:

- \* Que vexo?
- \* Que penso?
- \* Que preguntas teño sobre esta imaxe?

Para poder responder estas preguntas, previamente o profesor ou profesora preparará unhas follas con tres columnas que se repartirán na clase.

 <b>VEXO</b> Que vexo? Fai una lista.	 <b>PENSO</b> Que penso do que vexo?	 <b>PREGÚNTOME</b> Que dúbidas me crea?

Despois de rematar este traballo individual, levaremos a cabo a posta en común. É conveniente que os alumnos sempre comecen as frases coas palabras «vexo», «penso», «pregúntome».

## ORIENTACIÓN

Durante a posta en común o profesor ou profesora pode axudalos a que reflexionen de novo sobre os seus pensamentos e guíalos para que os transmitan de forma coherente.



## ACTIVIDADE 3:

Durante a lectura: «**BLATTA OU BLATTELLA?**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Darse conta da importancia da cooperación para acadar un obxectivo compartido.
- \* Aceptar as opinións dos compañeiros e compañeiras e a axuda recíproca.
- \* Aprender a estruturar ideas.
- \* Tratar de solucionar os problemas orixinados de forma pacífica e mediadora.

### ACTIVIDADE

Propoñemos a seguinte pregunta na clase: Blatta ou Blattella?

Os personaxes principais do libro son cascudas que pertencen a dous tipos de familias diferentes e dous tipos de cascuda diferentes.

Cada estudante individualmente terá que elixir a resposta á pregunta: preferirías ser unha cascuda Blatta ou unha cascuda Blattella? Durante uns minutos, pensará sobre as razóns da súa elección.

Despois, deberá poñer en común a súa resposta cunha parella escollida ao chou, que elixise a mesma resposta, para acordar unha única resposta.

Despois a parella contrastará a súa resposta con outra parella da clase e intentarán acordar cal é a máis axeitada.

Despois cada grupo compartirá a súa resposta con toda a clase.

Para finalizar a actividade, pódese abrir un debate sobre a actividade con preguntas como:

- Todos os membros do equipo de aprendizaxe cooperativa estiveron de acordo?
- Alguén se sentiu mal/inferior?
- Faltou comunicación?
- Gustouche a actividade?
- Que che faltou?

## ORIENTACIÓN

Antes desta actividade, os/as estudantes deberían ler polo menos ata o capítulo 6 do libro para descubrir que diferenzas hai na historia sobre as cascudas *Blatta* e *Blattella*.

Para motivar o traballo, ademais da pregunta inicial, pódense mostrar dúas fotografías dos dous tipos de cascuda.



## ACTIVIDADE 4:

Durante a lectura: «**DIFERENTES PUNTOS DE VISTA**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Desenvolver o «pensamento de perspectiva».
- \* Ter a capacidade de abordar unha situación desde diferentes puntos de vista.
- \* Potenciar a imaxinación e a creatividade.
- \* Aprender a pensar de forma concreta.
- \* Comprender e respectar diferentes puntos de vista.

### ACTIVIDADE

Amosaráselle á clase a seguinte ilustración do libro, que mostra un momento específico da historia. Recordaremos xuntos que momento é e como se produce.

Haberá unha choiva de ideas das diferentes perspectivas que teñen os dous personaxes da imaxe.





Despois cada estudante elixe un punto de vista (personaxe) para reflexionar sobre o que pensa este personaxe neste momento en particular. É dicir, contar «a historia» desde o punto de vista elixido.

Dividimos o grupo en dous equipos segundo o punto de vista elixido. Cada equipo debe defender o seu punto de vista. Dedícaselle un tempo a pensar e poñerse de acordo no momento de explicar o que queren transmitir.

Faise un debate cos argumentos de cada equipo sobre os dous puntos de vista diferentes.

## ORIENTACIÓNS

Para ver os diferentes puntos de vista podemos facer un mapa circular con notas adhesivas das diferentes perspectivas dos estudantes.



## ACTIVIDADE 5:

Despois da lectura: «**TODOS SOMOS IGUAIS AÍNDA QUE SEXAMOS DIFERENTES**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Desenvolver o pensamento crítico.
- \* Coñecer os dereitos e deberes das persoas.
- \* Saber poñerse na pel do outro.
- \* Respetar as opinións dos demais.
- \* Respetar as opinións dos demais.

### ACTIVIDADE

Volverán ler as páxinas 129 e 130 do libro. Esta lectura pode ser individual ou compartida en voz alta.

Despois, o profesor ou profesora escribirá no encerado algunhas palabras clave sobre o tema que se vai tratar, por exemplo: discriminación, igualdade, diferenza, dereito, superioridade, inferioridade, racismo...

Cada estudante ten que construír unha frase con cada unha das palabras. O profesor ou profesora debe explicar que as frases deberán de estar ben construídas, ademais de ter significado e de proxectar o pensamento do/da estudante.

Despois, en grupos de 4-5 membros e cada un individualmente amosarán e lerán as súas frases en voz alta. Entre todos corruxarán, ampliarán e matizarán as oracións de cada estudante para obter frases e pensamentos acordados por todos e todas.

Finalmente, e como síntese do tema, poñeráse en común e cada grupo expoñerá as súas ideas e crearase un debate sobre a igualdade e os dereitos.

### ORIENTACIÓNS

As palabras clave poden ser as mesmas para todos os grupos ou diferentes. Pódeas elixir o profesorado ou o alumnado.

O profesorado encargárase de ser o mediador nas distintas intervencións.

## ACTIVIDADE 6:

Despois da lectura: «**SEGUNDA TEMPORADA**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Practicar a expresión escrita.
- \* Fomentar a imaxinación e a creatividade.
- \* Aprender do resto e co resto.
- \* Respectar as ideas dos demais.
- \* Mellorar a comunicación oral e escrita.

### ACTIVIDADE

O profesor ou profesora explicará que David Nel·lo está pensando en escribir unha segunda parte do libro e que lle preguntou se o seu alumnado o pode axudar.

Para facelo é necesario que lle manden un pequeno argumento de como sería a continuación da historia.

A clase dividirase en grupos de 4-5 persoas que escribirán, nun folio, todas as ideas que teñan. Anotaranse as ideas de todo o mundo sen ningún tipo de filtro. Despois elixirán as ideas que lles parezan máis interesantes, ordenaranas e escribirán un argumento dunhas 20 liñas.

Este texto debe ter as tres partes dun argumento: introdución, nó e final.

Cada grupo lerá en voz alta a súa historia ao resto da clase.

Finalmente haberá unha votación para ver cal é a historia que máis gustou.

### ORIENTACIÓNS

O profesor ou profesora pode dar algunhas pautas claras para axudar na elaboración do argumento.

- Onde ocorre a historia? Que sucede ao principio?
- Que quere o protagonista?
- Que fai para conseguilo?
- Descrición dos personaxes principais.
- Dificultades que aparecen durante a historia e como se resolven.
- Final.